

Domingo García-Sabell

PASEATA ARREDOR DA MORTE



Ensaio

galaxia

PASEATA ARREDOR DA MORTE

1ª edición, 1998
1ª edición dixital, 2009

© Herdeiros de Domingo García-Sabell, 2009

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2009
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-997-9

Domingo García-Sabell

PASEATA ARREDOR DA MORTE



NOTA PREVIA

O ensaio que vén a continuación foi escrito hai anos.

Diversas circunstancias persoais e obrigas de toda clase impediron que eu revisase a fondo o texto manuscrito, e dese modo foi transcorrendo o tempo. Agora, xa liberado de tantos e tantos compromisos oficiais, decidinme a repasa-lo vello texto.

Dúas gratas, gratísimas sorpresas xurdiron na miña lectura. Unha, a de que o estudiado no meu escrito conservaba aínda certa frescura. Cómpre dicir, certa vixencia. Ou o que é o mesmo, as miñas especulacións resultaban ben axeitadas á realidade de tódolos días. Cando esto acontece é que a fotografía, a paisaxe das propias ocorrencias non é resultado da arbitrariedade nin do capricho intelectual. Non esquezamos que en non poucas divagacións escriturais campea sobre todo a arroutada, esto é, o gratuíto. ¿Por que? Pois sinxelamente por motivos de grafomanía, de encher páxinas e máis páxinas e, dese xeito, obter un libro. E, así chegar a titularse autor. Por eso no noso tempo pululan como vermes inevitables tantos volumes innecesarios.

Eu, polo que se refire á morte, sentía a necesidade de aclararme pola vía mental o confuso e caleidoscópico problema da extinción física da criatura humana. De aí a necesidade da obra levada a cabo con esforzo racional.

A segunda sorpresa resultou doutra especie. Polo transcorrer do tempo, polo alonxamento da función do entendemento, eu imaxinaba que os progresos na pescuda do fenómeno necrolóxico terían avanzado con forza evidente. Pero aquela idea axiña se trocou (para o meu alivio) nun baleiro bibliográfico. Claro que desde entón ata hoxe téñense publicado unha manchea sumamente variada de obras nas que a preocupación pola morte constitúe o eixe básico. Pero son os que eu denomino "libros das postrimerías". Libros sen orixinalidade de enfoque, sen enerxía creadora ningunha e, por riba, case que sempre mal escritos. E non se pense que eu pretendo ser un purista do idioma. Nada deso. A figura humana do purista, do intransixente sabedor dos segredos da lingua, resúltame certamente refugable. As razóns son moitas e moi variadas. Pero a fundamental estriba na función esterilizadora, na función inhibidora do libre xogo espontáneo que o uso das palabras leva consigo.

No terreo que ocupa o tema da morte pódese afirmar sen lugar a dúbidas que a artificiosidade é o que prima unha e outra vez.

Afirmaba, se non recordo mal, Whitehead, que a historia da Filosofía podería concretarse en notas a pé de páxina dos Diálogos *de Platón. Evidentemente esto é esaxerado. Pero, en troques, non o é, infelizmente, que as novas correntes meditadoras da nosa época poden resumirse como notas a pé de páxina da inmensa obra de Heidegger. Despois do seu esforzo pescudador, o que veu logo é eso, pequenas notas, pequenas suxestións, cando non galimatías divagatorios, e aínda poéticos, dos que o máis benigno que pode postularse é que son epígonos vergonzantes do matinador teutón.*

Paréceme que un modelo desta clase pode vir dado pola publicación dos cursos dados na Sorbona por Emmanuel Levinas e agora imprimidos co título de Dieu, la Mort et le Temps. *Velaquí un epígono que nos farta e nos alonga dos achados do filósofo alemán. Quizais teremos ocasión de volver sobre esta curiosa e paradigmática obra no curso do meu ensaio.*

Así, pois, penso honestamente que paga a pena resucitar o meu traballo pretérito. Así, desembarázome dunha obsesión privada polo feito de tornala, de metamorfoseala en substancia pública. E, por outro lado, axúdame a compoñer e a dar continuidade ós meus ensaios.

Non sei se acertarei ou non. Os tempos o dirán.

E agora, hipotético lecturante, unha miga, só unha miga de paciencia.

PROPÓSITO

Trátase de arrodea-la morte, pois a morte é impenetrable. Está en nós e máis alá de nós. Posuímos en certo sentido a morte, pero ela posúenos a nós dun xeito absoluto. Por eso cando coidamos que xa a entendemos ela, lizgaira, foxe das nosas pesquisicións.

De aí que ninguén chegase a definila. Definir equivale en certo senso a ser titular, a ser dono daquelo que se define, daquelo que se deixa penetrar no colo das palabras intelixibles. Pero calquera arela de debuxar en catro palabras o concepto rigoroso que sexa capaz de abrangue-la nódoa mesma do pasamento persoal, é traballo de amor perdido.

No noso tempo Heidegger sentou, afirmou esto tan definitivo e tan indiscutible: "A morte é a posibilidade máis persoal que hai en nós por se-la menos conmutable". En efecto, eu podo nun acto heroico ofrecer a miña vida pola do próximo (caso do mártir católico nun campo de concentracción), pero o que non podo evitar é que ese amigo, andando o tempo, experimente e sufra o seu propio e específico deceso.

Heidegger cita o dito do paisano de Bohemia cando afirmaba que toda criatura humana desde que nace xa está disposta para a morte. E velaquí a ambigüidade de morrer, a equivocidade do pasamento.

Soamente é facedeiro achegarse á morte mediante un acercamento asintótico. Un acercamento que endexamais alcanza o carozo mesmo da anihilación individual.

¿En que consiste esa desnortadora ambigüidade? Sinxelamente, en que a morte é unha presencia que é ausencia. A súa realidade vén dada polo oco, polo mouro oco que deixa cando xa se ten cumprido. É unha realización que aboca a unha non-realización.

Esa estraña obxectivación posúe diversas e moi entrambilicadas facianas. Así, no plano biolóxico, na capa material, constitúe unha regresión, unha volta atrás, cómpre dicir, o paso do complexo bioquímico ó plano do sinxelo, esto é, o dos compoñentes elementais nos que a configuración orgánica tivo a súa labiríntica estructura.

No plano antropolóxico é a dura, a incomprensible constatación da máis cruel negatividade, a saber, a da que elimina á persoa.

No plano sociolóxico vén sendo unha especie de servidume que resulta necesario ocultar e aínda eliminar canto antes.

No plano moral, o das esixencias éticas, unha constante fontenla de problematicidades. ¿É a morte necesaria desde o punto de vista do pecado? ¿Pode quizais en determinados casos xustificarse? Eu son cristián e, por conseguinte, non admito a pena de morte. Pero hoxe tal cuestión está no vértice dos enxuizamentos máis ou menos polémicos. (Por eso no estrato filosófico é unha mina, un filón de incómodas aporías. Delas haberá ocasión de tratar, ou polo menos de suxerir no desenvolvemento da miña meditación.)

Así, pois, para calquera paisaxe que se olle, a panorámica resulta inevitablemente toldada, difusa e sen horizonte to-

talizador. A morte non ten forma concreta. É pura dinamicidade, proceso en marcha. *Work in progress.* É unha forza, unha enerxía, unha escueta *energueia.* Unha acción inevitable e solermiña que a cotío derruba, tronza, derrama, asfixia e asoballa.

Por eso nos achegamos a ela con aprensión, con moitos miramentos e de vagar. Esas indispensables precaucións encobren certa estratexia, certo avanzar sempre amparados e procurando a sorpresa. ¿Por que? Pois porque o que pretendemos é agadoupala, sexa como sexa, na súa máis acochada caverna. Intentamos coas nosas manobras secretas darlle cazata na súa esencia, no seu núcleo auténtico. De aí que posúa un fondo sentido significativo a *boutade* de Jean Cocteau: "La mort ne m'aura pas vivant". Si, a morte para que non nos atrape desprevidos é mester que non nos colla na nosa decadencia, xa que ela —a morte— pide, reclama e esixe plena atención, clara, clarísima conciencia dos seus progresos, dos seus avances. No fondo do que se trata é dunha loita entre a nosa personalidade e o degoiro de destrucción que aquela porta no seu básico proceder.

Mais eu coido que ese *desideratum* anda mal dirixido. Probablemente no problema da extinción física da criatura humana (e mesmo sen o adverbio que indica e fai referencia a unha determinada probabilidade), a incógnita da morte vai estreitamente ligada á da enigmática substantividade do Ser. E non esquezamos que o máximo pescudador deste último misterio, Heidegger[1], afirma mesmo ó comezo do *Sein und Zeit* que todo o que veu despois das elucubración de Platón e Aristóteles só consistiu en "desviacións e retoques" ("Verschiebungen und 'Übermalungen'", e o filósofo pon esta derradeira palabra entre comiñas).

Por eso resulta sumamente curiosa a depreciación do esforzo especulativo de toda a historia do pensamento occiden-

1. Heidegger, Martin. *Sein und Zeit* S. 2 e Marías, Julián. "Estar a la muerte". en "Ensayos de convivencia". Tomo III das *Obras,* 1964, pp. 170-71.

tal e a determinación de Heidegger de encetar unha nova e indispensable *gigantomakía peri tes ousías.*

Mais a min paréceme que quen pecha, e mesmo obtura, a incógnita do pasamento en tanto que misterio irresoluble desde a razón, é don José Ortega y Gasset. Nun artigo de periódico aparecido en *La Nación* de Bos Aires en 1926 deixou escrito esto en verdade definitivo, polo menos desde a perspectiva da razón vital: "Yo no creo que en la vida humana haya problemas absolutos. Lo único que es absoluto es la muerte y por lo mismo no es un problema, *sino una fatalidad*"[2]. (A cursiva é miña).

Todas estas reservas, incluída a das xeniais prospeccións heideggerianas no ser do individuo como "Sein-zum-Tode", como "ser-para-a-morte", que tantos e tan superficiais comentarios produciu, non equivalen a outra cousa que a renunciar, ou aínda a desbota-los proxectos formais de agadoupa-la morte e presentala, redonda, na súa íntima estructura. Esto é unha ilusión. Unha ilusión fantasmática que habería de levarnos, irremisiblemente, ó mundo das fantasmagorías. Se queredes precisións certas e constantes sobre o que a morte é, non tedes máis que consultar e meditar algúns libros fundamentais, libros adondosos nos que os homes de espírito depositaron as súas sabencias, as súas intuicións e os seus medos.

Alí hai solucións a eito. Tantas como autores. O que sucede é que esas solucións soamente serven, soamente gozan de auténtica operatividade para quen as formularon. Ós demais, e a pouco que nelas se profunde, soaranlle a letra morta, a melodía apagada. Pois isto é o curioso, o notable: que cando un se enfronta coa morte en actitude pescudadora, en actitude de atopa-la faciana lóxica do esvaecemento definitivo, o que procura, o que solicita do entendemento non é tanto dar con aclaracións como dar con defensas. Ter unha idea clara e suficiente arredor da anihilación persoal como realida-

2. Ortega y Gasset, José. In *Obras completas*, vol. 3, p. 437.

de transcendental, como acontecer. Edificar, construír todo un sistema intelixible que coloque á morte no seu lugar específico, no que en verdade corresponde á súa textura oculta, vén sendo un alivio para a anguria existencial de todo meditador. As doutrinas e os conxuntos de conceptos mellor ou peor encandeados, mellor ou peor racionalmente fundados, teñen, no fondo, unha misión terapéutica: a de sosegar ó autor, a de devolverlle a paz que a virtualidade, a feroz potencialidade do pasamento condiciona.

Obxectiviza-la morte, mesmo que sexa a favor de expedientes pouco satisfactorios, é un modo de botarlle o meigallo. Unha maneira de neutralizar a súa capacidade destructiva. Un expediente que exorciza. Nós diriamos, na nosa fala popular, que eso equivale a un "¡arrenégote, demo!" salutífero e tranquilizador.

Pero, de todas formas, e antes de pasar á consideración doutros expedientes de loita contra a morte, convén, sen dúbida, lembra-las ideas, hoxe tan presentes na conciencia colectiva, da analítica existencial, pois ela foi creando unha atmosfera non só intelectual senón asemade vivencial de aceptación especulativa da función da morte como constitutiva básica do ser da criatura humana. Vivimos na actualidade asolagados pola concepción da estructura do individuo como esencialmente constituído pola substantiva presencia, dentro de nós mesmos, da acción deléterea do pasamento. Estariamos, pois, a favor da nosa urdime corporal, inmersos na morte. Ela sería algo así como unha inesquivable compañeira que remataría por chucharnos definitivamente. Temos, por conseguinte, que encamiña-los nosos pasos polos carreiros desa análise que o xenio de Heidegger desenvolveu.

E velaí, segundo penso, o esquema especulativo dese enorme e orixinal edificio. E advirto que ese mester, que ese oficio resuminte vou levalo a cabo eludindo, sempre que sexa posible, toda referencia bibliográfica e calquera asomo de erudición máis ou menos especializada xa que o propósito